



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 7 de abril de 2016 pola que se informa favorablemente a fase de estadia, segundo o disposto na Orde do 2 de outubro de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013 e se procede á súa convocatoria.

A orde do 2 de outubro de 2013 (DOG Núm. 197, do 15 de outubro de 2013) establece as bases polas que se rexela a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas universidades do SUG deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadia e obter unha avaliación positiva desta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de investigación universitaria correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades.

De acordo coas directrices emanadas da Instrucción 1/2016, do 19 de xaneiro, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadia do persoal investigador contratado polas universidades do SUG, ao abeiro do programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral para o ano 2013, modalidade A, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades beneficiarias respectos das persoas contratadas.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadia, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 2 de outubro de 2013 e coa Instrucción 1/2016, o que lles posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.



Nº EXPEDIENTE	UNI	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
POS-A/2013/190	UDC	García	Llerena	Viviana María	*****729N
POS-A/2013/002	USC	Alonso	Álvarez	Alba	*****603D
POS-A/2013/028	USC	de Llano	Neira	Pedro	*****560G
POS-A/2013/113	USC	Veiga	Sánchez	Mª Purificación	*****195H
POS-A/2013/142	UVIGO	Fernández	Carrera	Ana	*****826W

2. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadia, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 2 de outubro de 2013 e coa Instrucción 1/2016. Será preciso a presentación do certificado actualizado do último período de estadia antes da sinatura do contrato da fase de retorno.

Nº EXPEDIENTE	UNI	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
POS-A/2013/061	USC	López-Mayán	Navarrete	Mercedes	*****441R
POS-A/2013/070	USC	Moure	Pazos	Iván	*****689C

3. Declarar que o investigador indicado a continuación acadou unha avaliación positiva da fase de estadia, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 2 de outubro de 2013 e coa Instrucción 1/2016. Aínda que non acredita na súa totalidade o establecido no artigo 3.c do anexo I da citada orde, posibilitaselle o acceso ao contrato da fase de retorno xa que a modificación do plan de estadia por circunstancias excepcionais está recollida no artigo 3.d do dito anexo.

Nº EXPEDIENTE	UNI	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
POS-A/2013/093	USC	Rodríguez	Corral	Javier	*****672Y

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2016

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro